

Lugo, 5 de maio de 2020

Queridos alumn@s e familias:

Xa pasou unha semana máis, e cada vez estamos máis cerca de que todo isto remate; así que moito ánimo.

Iniciamos o mes de maio e con el queremos lembrar unha festa que, aínda que case desaparecida en moitos lugares de Galicia, foi moi importante durante séculos. Celebrábase a chegada da primavera e, con ela, de todos os novos produtos que nos dá a terra, a horta, a natureza e que non había durante o longo inverno. Celebrábase que os días xa eran máis longos e as temperaturas máis altas, o que era un gran alivio na vida rural de Galicia.

- Así que o traballo principal desta semana xira entorno a esta festa, **“OS MAIOS”**. Tedes actividades para Lingua Galega e Plástica.
- En Lengua Castellana hacemos esta semana un repaso de los tipos de palabras.
- En Ciencias da Natureza seguimos coas plantas.
- E en Ciencias Sociais, xa que imos iniciar pronto un paseo pola historia, e conectando tamén coas Matemáticas, practicamos os números romanos.
- Tamén vos mandamos unhas cantas fichas desas que vos gusta facer cando rematamos outras actividades.
- Reenviamos as solucións da pasada semana, xa que había un erro nas páxinas 98 e 99 de CCNN.
- Continuade lendo e podeades seguir repasando nas distintas páxinas web que vos fomos mandando.

Tedes todo no seguinte enlace:

https://drive.google.com/drive/folders/1aYMbNQgRXsWp_kp2hoGlkGHgbyr9KJMa?usp=sharing

E xa sabedes que se tedes algunha dúbida, podeades contactar con cada titora por mensaxe no Espazo Abalar, escribirnos á dirección de correo do cole, ou chamar por teléfono.

ceip.sagrado.corazon@edu.xunta.gal

Teléfono: 982 87 04 67

Unha aperta. Moito ánimo. Seguimos en contacto.

Elisa e Maite.